



.....

Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural 38

Memoria e historia do traballo no mar en Galicia, 1931-1939

República, asociacionismo mariñeiro e represión franquista

.....

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Martes, 5 de xullo de 2022



Desde a I Guerra Mundial, Galicia viviu un amplo desenvolvemento do asociacionismo mariñeiro derivado da implantación de modelos e relacións de produción capitalista. Aquel proceso viuse aumentado coa chegada da Segunda República, en parte pola afección que o novo réxime democrático suscitou entre as comunidades das vilas do litoral galego. Esa identificación determinou un novo percorrido político-social dos traballadores do mar entre 1931 e 1936.

En paralelo, co auxe do asociacionismo mariñeiro xurdiu a loita contra os tradicionais pósitos de pescadores, cuxas iniciativas conciliadoras, paternalistas e interclasistas sempre foron rexeitadas polos novos protagonistas, agora encadrados en potentes sindicatos de clase que, en moitas ocasións, colaboraron coa política local republicana. Tal foi a afinidade, por exemplo no litoral coruñés, entre a central maioritaria CNT e a ORGA/PRG de Casares Quiroga. A resultante final foi a penetración das forzas esquerdistas nos moderados pósitos de pescadores, tanto pola militancia socialista ou comunista coma pola encadrada polo mítico *El Despertar Marítimo*. Tras a sublevación militar de xullo de 1936, a desafección nas vilas mariñeiras cara ás novas autoridades resultou nítida e permanente. A carón da dura represión exercida contra os sindicatos de clase e a militancia esquerdista, agromou unha resistencia episódica cuxa manifestación máis evidente está representada polas evasións por mar e as redes tecidas para argallar aquelas fugas.

Imaxe da portada: Grupo de militantes anarcosindicalistas vigueses co xornal da Federación Regional Marítima *El Despertar Marítimo*. Entre eles está de pé e no centro o líder da mesma, José Villaverde. 1927. Fondo José Villaverde, depositado na RAG.

Programa

16:00 horas

Presentación

Rosario Álvarez Blanco, presidenta do CCG

Cristina Sánchez Carretero, membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

Francisco Xavier Redondo Abal, coordinador do Encontro e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

16:30 horas

Relatorios

Presenta: **Pilar Cagiao**, profesora titular de Historia de América na USC, especialista nos movementos migratorios e do exilio e coordinadora do grupo de investigación HistAmérica

16:30 horas

Relatorio 1

A República da costa. Reaccións ante os cambios político-sociais na Segunda República en Galicia

Emilio Grandío, profesor titular de Historia Contemporánea na USC e coordinador do grupo de investigación Hispona

17:00 horas

Relatorio 2

Asociacionismo mariñeiro, 1931-1936

Dionisio Pereira, economista e historiador. Investigador dos movementos sociais e da cultura marítima galega

17:30 horas

Relatorio 3

A lexislación naval militar

Bernardo Máiz Vázquez, doutor en Historia Contemporánea. Catedrático xubilado

18:00 horas

Relatorio 4

Fuxindo da represión. As evasións por vía marítima baixo a ditadura

Eliseo Fernández, diplomado en Biblioteconomía e Documentación. Investigador da historia do sindicalismo e do anarquismo en Galicia

18:30 horas

Debate

Modera: **Pilar Cagiao**

Organiza

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Francisco Xavier Redondo Abal

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

